**CLASIFICACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DERIVADA DA FUNCIONARIZACION DE POSTOS DE PERSOAL LABORAL, NO CORPO DE AXUDANTES DE CARÁCTER FACULTATIVO DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL (SUBGRUPO C1) E NO CORPO DE AUXILIARES DE CARÁCTER TÉCNICO DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL (SUBGRUPO C2), DA ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.**

A disposición transitoria primeira da *Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia*, establece, en concordancia co contido na disposición transitoria segunda do *Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público*, a posibilidade de proceder á funcionarización do persoal laboral fixo nos corpos e escalas de persoal funcionario da Comunidade Autónoma de Galicia. A dito persoal garánteselle as retribucións brutas que estaba a percibir como laboral fixo, se estas son superiores ás que lle correspondan como funcionario.

En desenvolvemento do anterior publicouse o *Decreto 165/2019, do 26 de decembro, que establece o procedemento para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira polo persoal laboral fixo do Convenio colectivo único do persoal laboral da Xunta de Galicia*. Referente ás cuestións retributivas establece, no seu artigo 9, que o persoal laboral fixo que supere o proceso de funcionarización, a partir da toma de posesión como funcionario de carreira, pasará a devindicar todas as súas retribucións conforme ao sistema, conceptos e contías establecidos con carácter xeral para o persoal funcionario de carreira da comunidade autónoma. Garantiráselles as retribucións brutas anuais fixas na súa contía e periódicas na súa devindicación, que estaba a percibir como laboral fixo, se estas fosen superiores ás que lle correspondan como persoal funcionario de carreira.

A Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal elaborou unha modificación de relación de postos de traballo co obxecto de adaptar os postos, definidos actualmente como de adscrición de persoal laboral, á condición de persoal funcionario dentro dalgunha das categorías recollidas no anexo do Decreto 165/2019.

Ao abeiro deste proceso de funcionarización, por resolucións do 26 de abril de 2021 (DOG nº 81, do 30 de abril), do 12 de maio de 2021 (DOG núm. 94, do 21 de maio), do 6 de novembro de 2023 (DOG núm. 216, do 14 de novembro), e do 15 de decembro

de 2023 (DOG núm. 243, do 26 de decembro) modificada pola Resolución do 12 de febreiro de 2024 (DOG núm. 35, do 19 de febreiro), convocáronse procesos para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira nos corpos, escalas e especialidades correspondentes, de persoal laboral fixo do V Convenio colectivo do persoal laboral da Xunta de Galicia, mediante o seu cambio de vínculo xurídico. Os postos correspondentes a estas categorías funcionarizadas son os que figuran na relación de postos de traballo á que fai referencia o parágrafo anterior.

Trátase dunha modificación derivada dun proceso de funcionarización nos que, por primeira vez, se establece unha clasificación de postos de traballo no corpo de axudantes de carácter facultativo de administración especial (subgrupo C1) e no corpo de auxiliares de carácter técnico de administración especial (subgrupo C2), da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia. Escalas e especialidades recollidas na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Para a determinación desta clasificación non se levou a cabo unha nova valoración e/ou valoración complementaria dos postos de traballo, toda vez que esta valoración xa se efectuou no momento da creación de cada posto nas correspondentes relacións de postos de traballo, senón que se tiveron en conta as retribucións e os complementos salariais que figuraban nas correspondentes relacións de postos de traballo, que retribuían as especiais dificultades materiais e técnicas que exixe o desempeño do posto de traballo.

Por conseguinte, consultadas as organizacións sindicais presentes na Mesa de Negociación da Comunidade Autónoma de Galicia e na Comisión de Persoal, establécese a seguinte clasificación de postos de traballo no corpo de axudantes de carácter facultativo de administración especial (subgrupo C1) e no corpo de auxiliares de carácter técnico de administración especial (subgrupo C2), da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

**Primeiro. Clasificación dos postos de traballo de persoal laboral en postos de persoal funcionario do subgrupo C1**

- **CLASIFICACIÓN NO SUBGRUPO C1 DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL**

Clasificación de postos no corpo de **axudantes de carácter facultativo** de Administración Especial da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, **escala técnica de condución**; cos seguintes niveis:

| SUBGRUPO | DENOMINACIÓN DO POSTO | COMPLEMENTOS (posto laboral) | COMPLEMENTO SINGULARIDADE (posto laboral) | NIVEIS: DESTINO E ESPECÍFICO (posto funcionario) | CENTRO DE DESTINO |
|---|---|---|---|---|---|
| C1 | CONDUTOR/A 1ª | DISPOÑIBILIDADE HORARIA. | 6.468,23 | 20 | D. X. DE ASISTENCIA SANITARIA |
| | | | | | D. X. DE RECURSOS HUMANOS |
| | CONDUTOR/A MECÁNICO/A | B10 | 6.468,23 | 20 | DISTRITO FORESTAL: I - FERROL |
| | | | | | DISTRITO FORESTAL: II - BERGANTIÑOS-MARIÑAS CORUÑESAS |
| | | | | | DISTRITO FORESTAL: III - SANTIAGO-MESETA INTERIOR |
| | | | | | DISTRITO FORESTAL: IV - BARBANZA |
| | | | | | DISTRITO FORESTAL: IX - LUGO-SARRIA |
| | | | | | DISTRITO FORESTAL: V - FISTERRA |
| | | | | | DISTRITO FORESTAL: VI - MARIÑA LUCENSE |
| | | | | | DISTRITO FORESTAL: VII - FONSAGRADA - OS ANCARES |
| | | | | | DISTRITO FORESTAL: VIII - TERRA DE LEMOS |
| | | | | | DISTRITO FORESTAL: X - TERRA CHA |
| | | | | | DISTRITO FORESTAL: XI - O RIBEIRO - ARENTEIRO |
| | | | | | DISTRITO FORESTAL: XII - MIÑO - ARNOIA |

| SUBGRUPO | DENOMINACIÓN DO POSTO | COMPLEMENTOS (posto laboral) | COMPLEMENTO SINGULARIDADE (posto laboral) | NIVEIS: DESTINO E ESPECÍFICO (posto funcionario) | CENTRO DE DESTINO |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | DISTRITO FORESTAL: XIII - VALDEORRAS - TRIVES |
| | | | | | DISTRITO FORESTAL: XIV - VERÍN - VIANA |
| | | | | | DISTRITO FORESTAL: XIX - CALDAS - SALNÉS |
| | | | | | DISTRITO FORESTAL: XV - A LIMIA |
| | | | | | DISTRITO FORESTAL: XVI - DEZA - TABEIROS |
| | | | | | DISTRITO FORESTAL: XVII - O CONDADO - PARADANTA |
| | | B10 | 6.468,23 | 20 | DISTRITO FORESTAL: XVIII - VIGO - BAIXO MIÑO |
| | | DISPOÑIBILIDADE HORARIA. | 6.468,23 | 20 | LABORATORIO DE MEDIO AMBIENTE DE GALICIA (A CORUÑA) |
| | | | | | SERVIZO DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS (A CORUÑA) |
| | | | 6.468,23 | 20 | SERVIZO DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS (LUGO) |
| | CONDUTOR/A MECÁNICO/A | | | | SERVIZO DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS (PONTEVEDRA) |
| | | B10 | | 16 | CENTRO DE INVESTIGACIÓNS AGRARIAS DE MABEGONDO (A CORUÑA) |
| C1 | | | | | SERVIZO PROVINCIAL DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS DA CORUÑA |
| | | | | | SERVIZO PROVINCIAL DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS DE LUGO |
| | | | | | SERVIZO PROVINCIAL DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS DE OURENSE |

| SUBGRUPO | DENOMINACIÓN DO POSTO | COMPLEMENTOS (posto laboral) | COMPLEMENTO SINGULARIDADE (posto laboral) | NIVEIS: DESTINO E ESPECÍFICO (posto funcionario) | CENTRO DE DESTINO |
|---|---|---|---|---|---|
| C1 | OFICIAL 1ª CONDUTOR/A | | | | SERVIZO PROVINCIAL DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS DE PONTEVEDRA |
| | | B18 | | 16 | RESIDENCIA DE MAIORES Nª Sª MIRAGRES (OURENSE) |
| | | DISPOÑIBILIDADE HORARIA. | 6.468,23 | 20 | ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA |
| | | | | | S. X. DE COORDINACIÓN DE SERVIZOS TRANSVERSAIS |
| | | | | | S. X. DE COORDINACIÓN DE SERVIZOS TRANSVERSAIS (A CORUÑA) |
| | | | | | S. X. DE COORDINACIÓN DE SERVIZOS TRANSVERSAIS (LUGO) |
| | | | | | S. X. DE COORDINACIÓN DE SERVIZOS TRANSVERSAIS (OURENSE) |
| | | | | | S. X. DE COORDINACIÓN DE SERVIZOS TRANSVERSAIS (PONTEVEDRA) |
| | | | | | S. X. DE COORDINACIÓN DE SERVIZOS TRANSVERSAIS (VIGO) |
| | | | | | SECRETARÍA XERAL TÉCNICA |
| | OFICIAL 1ª CONDUTOR/A | | | 14 | S. X. DE COORDINACIÓN DE SERVIZOS TRANSVERSAIS |
| | | | | | S. X. DE COORDINACIÓN DE SERVIZOS TRANSVERSAIS (A CORUÑA) |
| | | | | | S. X. DE COORDINACIÓN DE SERVIZOS TRANSVERSAIS (LUGO) |
| | | | | | S. X. DE COORDINACIÓN DE SERVIZOS TRANSVERSAIS (OURENSE) |
| | | | | | S. X. DE COORDINACIÓN DE SERVIZOS TRANSVERSAIS (PONTEVEDRA) |

| SUBGRUPO | DENOMINACIÓN DO POSTO | COMPLEMENTOS (posto laboral) | COMPLEMENTO SINGULARIDADE (posto laboral) | NIVEIS: DESTINO E ESPECÍFICO (posto funcionario) | CENTRO DE DESTINO |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | S. X. DE COORDINACIÓN DE SERVIZOS TRANSVERSAIS (VIGO) |
| | OFICIAL 1ª CONDUTOR/A UNIDADE MÓBIL CANCRO DE MAMA | | | 14 | S. X. DE PROGRAMAS DE FOMENTO DE ESTILOS DE VIDA SAUDABLES |

- ## CLASIFICACIÓN NO SUBGRUPO C2 DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL

Clasificación de postos no corpo **auxiliar de carácter técnico** de Administración Especial da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, **escala auxiliar de condución;** cos seguintes niveis:

| SUBGRUPO | DENOMINACIÓN DO POSTO | COMPLEMENTOS (posto laboral) | COMPLEMENTO SINGULARIDADE (posto laboral) | NIVEIS: DESTINO E ESPECÍFICO (posto funcionario) | CENTRO DE DESTINO |
|---|---|---|---|---|---|
| C2 | CONDUTOR/A | B10 | | 14 | SERVIZO PROVINCIAL DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS DA CORUÑA |
| | | | | | SERVIZO PROVINCIAL DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS DE PONTEVEDRA |
| | | DISPOÑIBILIDADE HORARIA. | 6.468,23 | 18 | S. X. DE COORDINACIÓN DE SERVIZOS TRANSVERSAIS |
| | | | | | S. X. DE COORDINACIÓN DE SERVIZOS TRANSVERSAIS (A CORUÑA) |
| | | | | | S. X. DE COORDINACIÓN DE SERVIZOS TRANSVERSAIS (LUGO) |
| | | | 6.468,23 | 18 | S. X. DE COORDINACIÓN DE SERVIZOS TRANSVERSAIS (OURENSE) |

| SUBGRUPO | DENOMINACIÓN DO POSTO | COMPLEMENTOS (posto laboral) | COMPLEMENTO SINGULARIDADE (posto laboral) | NIVEIS: DESTINO E ESPECÍFICO (posto funcionario) | CENTRO DE DESTINO |
|---|---|---|---|---|---|
| C2 | CONDUTOR/A | | | | S. X. DE COORDINACIÓN DE SERVIZOS TRANSVERSAIS (PONTEVEDRA) |
| | | | | | S. X. DE COORDINACIÓN DE SERVIZOS TRANSVERSAIS (VIGO) |
| | | | | 14 | S. X. DE COORDINACIÓN DE SERVIZOS TRANSVERSAIS |
| | | | | | S. X. DE COORDINACIÓN DE SERVIZOS TRANSVERSAIS (A CORUÑA) |
| | | | | | S. X. DE COORDINACIÓN DE SERVIZOS TRANSVERSAIS (LUGO) |
| | | | | | S. X. DE COORDINACIÓN DE SERVIZOS TRANSVERSAIS (OURENSE) |
| | | | | | S. X. DE COORDINACIÓN DE SERVIZOS TRANSVERSAIS (PONTEVEDRA) |
| | | | | 12 | AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS (AXI) |
| | | | | | DIRECCIÓN |
| | | | | | S. X. DE COORDINACIÓN DE SERVIZOS TRANSVERSAIS |
| | | | | | S. X. DE COORDINACIÓN DE SERVIZOS TRANSVERSAIS (A CORUÑA) |
| | | | | | S. X. DE COORDINACIÓN DE SERVIZOS TRANSVERSAIS (LUGO) |
| | | | | | S. X. DE COORDINACIÓN DE SERVIZOS TRANSVERSAIS (OURENSE) |
| | | | | | S. X. DE COORDINACIÓN DE SERVIZOS TRANSVERSAIS (PONTEVEDRA) |
| | | | | | S. X. DE COORDINACIÓN DE SERVIZOS TRANSVERSAIS (VIGO) |

| SUBGRUPO | DENOMINACIÓN DO POSTO | COMPLEMENTOS (posto laboral) | COMPLEMENTO SINGULARIDADE (posto laboral) | NIVEIS: DESTINO E ESPECÍFICO (posto funcionario) | CENTRO DE DESTINO |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | SERVIZO DE MONTES (LUGO) |
| | | | | | XEFATURA TERRITORIAL OURENSE |
| | OFICIAL 2ª CONDUTOR/A | B10 // B14 // B18 | | 18 | COMPLEXO RESIDENCIAL DE ATENCIÓN A PERSOAS DEPENDENTES (VIGO) |
| | | B10 // B18 | | 18 | CENTRO DE ATENCIÓN A PERSOAS CON DISCAPACIDADES (REDONDELA) |
| | | | | | CENTRO DE ATENCIÓN A PERSOAS CON DISCAPACIDADES (SARRIA) |

Clasificación de postos no corpo **auxiliar de carácter técnico** de Administración Especial da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia**, escala auxiliar de recursos natuais e forestais;** cos seguintes niveis:

| SUBGRUPO | DENOMINACIÓN DO POSTO | COMPLEMENTOS (posto laboral) | NIVEIS: DESTINO E ESPECÍFICO (posto funcionario) | CENTRO DE DESTINO |
|---|---|---|---|---|
| C2 | OFICIAL 2ª FORESTAL | B10 // B11 // B18 | 18 | CENTRO DE INVESTIGACIÓN FORESTAL DE LOURIZÁN (PONTEVEDRA) |

Códigos e descricións dos complementos salariais

| CÓDIGO | DESCRICIÓN DOS PLUSES |
|---|---|
| B10 | COMPLEMENTO SALARIAL DE SINGULARIDADE POR PERIGOSIDADE. |
| B11 | COMPLEMENTO SALARIAL DE SINGULARIDADE POR TOXICIDADE. |
| B14 | COMPLEMENTO SALARIAL DE SINGULARIDADE DE ESPECIAL DEDICACIÓN. |
| B18 | COMPLEMENTO SALARIAL DE SINGULARIDADE POR PENOSIDADE. |

Edificios administrativos - San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela
direccion.xeral.emprego.publico@xunta.gal
xunta.gal/funcion-publica

**Segundo.** Constituirase unha comisión de seguimento presidida pola directora xeral de Emprego Público e Administración de Persoal e constituída por un membro vogal de cada organización sindical asinante e iguais membros por parte da Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal que ademais do establecido no apartado anterior será a encargada da vixiancia, interpretación e seguimento do establecido nesta clasificación.

Esta comisión será consultada sobre os complementos de funcionarización que se establezan aos laborais fixos con posto nesta RPT que se funcionaricen con posterioridade a súa entrada en vigor.

Edificios administrativos - San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela
direccion.xeral.emprego.publico@xunta.gal
xunta.gal/funcion-publica